

UGT PÍDELLE AO GOBERNO QUE AS OITO SEMANAS DO COIDADADO PARENTAL SEXAN RETRIBUÍDAS

Redacción.- UGT valora positivamente a ampliación do permiso de maternidade e paternidade a 20 semanas, segundo anuncio o ministro de Dereitos Sociais Consumo e Axenda 2030, Pablo Bustinduy.

O ministro tamén anunciou que se compensará economicamente, polo menos, catro semanas do permiso por coidado parental, pero UGT lembra que, aínda sendo un avance, incumpre a Directiva Europea 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional que esixe que sexan oito semanas retribuídas.

UGT pide ao Ministerio que abra o diálogo social para transponer os dereitos de coidados da Directiva europea, que insiste nas 8 semanas retribuídas do permiso parental para que os coidados sexan reais, efectivos, igualitarios e corresponsables entre mulleres e homes.

Os permisos sen remunerar incumpren



co ditado pola Directiva europea e atentan contra os avances en corresponsabilidade, de maneira que os coidados terminan caendo exclusivamente nas mulleres.

UGT VALORA A REIVINDICACIÓN DA PARTE SOCIAL DA CONSTITUCIÓN QUE REALIZOU O XEFE DO ESTADO NO SEU TRADICIONAL DISCURSO NAVIDEÑO

Para UGT, merece especial mención a reivindicación da parte social da Norma fundamental de convivencia



Redacción.- No discurso efectuado no Nadal de 2023 o Monarca español subliñou a preocupación que debemos ter todos en relación co emprego, a sanidade, a calidade da educación e o prezo dos servizos básicos. Tamén reivindicou a loita da nosa sociedade contra a inaceptable violencia contra a muller e mostrou a súa inquietude polo acceso á vivenda dos nosos mozos.

Para UGT, merece especial men-

ción a reivindicación da parte social da Norma fundamental de convivencia na que a miúdo non reparan algunhas forzas políticas pero que nos debe permitir asegurar o noso modelo de vida, recibir unha educación, ter un emprego, ou protexernos da enfermidade. O discurso remarca o dereito da cidadanía, de acordo á nosa Constitución, a acceder a unha vivenda apropiada, formar unha familia, contar con axuda social ou dispoñer dun retiro digno.

Compartimos ese papel social da Constitución no que os sindicatos somos elementos básicos, tal e como se recolle no título preliminar, como instrumento e garantía imprescindible para que a vida en España poida seguir discorrendo con confianza, con estabilidade e con certeza, ao que os interlocutores sociais contribuiremos a través do diálogo e a concertación social, tal e como viñemos facendo durante os 45 anos de período constitucional.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NA PRAZA DO OBRADOIRO DOS BOMBEIROS COMARCAIS

Redacción.- Os bombeiros comarcais galegos continúan coas súas protestas na Praza do Obradoiro onde 24 bombeiros, en representación dos 24 parques comarcais, permanecen sempre nesta emprazamento para simbolizar a demanda da homoxeneización e mellora das súas condicións laborais.

Xa van máis de 12 anos reclamando que se cumpra a Lei e seis meses en folga. Precisamente, elixiuse a Praza do Obradoiro para esta concentración indefinida porque aquí atópase o edificio institucional da Xunta, órgano autonómico onde se están a atopar máis retencias para resolver o conflito.

Hai que lembra que o presidente da Xunta foi quen apadriñou o sistema de xestión privada de bombeiros comarcais e o defendeu sempre. Precisamente, ter este servizo público externalizado, en



mans privadas, durante máis de 20 anos, foi o que provocou as desigualdades laborais que hai hoxe en día e que orixinan este conflito.

Se ben é certo que na última xuntanza coa Xunta e deputacións observouse un cambio de actitude por parte

destas institucións, aínda non se pechou un acordo pero si se aproximaron posturas.

Agora estase á espera da próxima reunión, que aínda non está convocada, para ver se se pode pechar xa un acordo que poña fin a este longo conflito.

NOVA XORNADA DE FOLGA EN PERFUMERÍAS ARENAL NA PROVINCIA DA CORUÑA POR UNHAS CONDICIÓN SALARIAIS DIGNAS

Redacción.- O día 23 as traballadoras e traballadores das perfumerías Arenal na provincia da Coruña secundaron unha nova xornada de folga convocada en demanda de melloras salariais ata acadar, cando menos, as condicións establecidas no convenio de comercio minorista da provincia da Coruña. Ademais, secundaron diversas mobilizacións. Esta convocatoria contou co respaldo maioritario das traballadoras e traballadores en asemblea nas tres localidades onde Arenal ten centros na provincia, A Coruña, Santiago e Carballo.

Lembrar que xa o pasado día 29 de novembro tivo lugar outra xornada de folga e está convocada outra para o 5 de xaneiro.



A UXP de UGT-Vigo rende homenaxe a varios compañeiros e compañeiras pola súa afiliación activa

Redacción.- A pasada semana, no salón de actos de UGT-Vigo, a Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Vigo realizou un acto no que se rendeu homenaxe a varios compañeiros e compañeiras pola súa afiliación activa ao Sindicato.



PAPÁ NOEL VISITA UGT-VIGO

Redacción.- A sede de UGT-Vigo acolleu o pasado día 22 a visita de Papá Noel quen mantivo un agarimoso encontro cun amplo grupo de nenos e nenas, fillos e fillas, e noutros casos netos e netas, de afiliados e afiliadas do Sindicato na comarca de Vigo. Os máis novos da casa amosáronse moi ilusionados con esta visita e aproveitaron para facerlle as súas últimas peticións de cara á noite do 24.



UGT GAÑA AS ELECCIÓNS NO 2023 NO SECTOR DA LOUSA EN GALICIA

Tamén se gañaron as eleccións no Instituto tecnolóxico de Galicia, en Xardinerías Arce e en Quirón prevención Coruña

Redacción.- UGT FICA gañou por maioría absoluta as eleccións sindicais celebradas durante o ano 2023 nas distintas empresas do sector da lousa en Galicia, obtendo 77 representantes. Por empresas, os resultados foron: Pizarras O Cortello: UGT 5 delegados; Pizarras Gallegas: UGT 3 delegados; Pizarras La Frontera: UGT 5 delegados; Pizarras Samaca: CIG 1 delegado; Cufica: UGT 9 delegados; Pizarras Vazfer SA: UGT 1 delegado; Landoiros SA: UGT 3 delegados; Pizarras Manada Vieja: UGT 3 delegados; Castrelos Elaboración SL: UGT 9 delegados; Irosa: CIG 6 dele-

gados, CCOO 3 delegados; Pizarras Santa Cruz SL: UGT 3 delegados; Pizarras Arcas Prada SL: UGT 1 delegado; Pizarras del Valle SL: UGT 3 delegados; Canteras Fernández Elaboración SLS: UGT 9 delegados; Pizarras Valdacal SL: UGT 5 delegados; Cantera Pedriña SA: UGT 1 delegado; Grupo de Casayo SA: UGT 1 delegado; Pizarras Los Tres Cuñados SA: UGT 3 delegados; Proinor Elaboración SL: UGT 5 delegados; Lomba Elaboración SL: UGT 3 delegados; e Pizarras Las Nieves SL: UGT 5 delegados.

Deste xeito, UGT obtén 77 representantes, CIG 7 e CCOO 3.

UGT tamén ven de gañar as eleccións no Instituto tecnolóxico de Galicia, obtendo a maioría absoluta con 9 representantes.

En Quirón prevención, na Coruña, gañouse o proceso con 4 delegados, 3 a CIG e 2 CCOO.

E en Xardinerías Arce UGT fíxose con 5 representantes sindicais, fronte aos 4 da CIG.

OS PAÍSES LIBERAIS E CONSERVADORES IMPIDEN APROBAR A DIRECTIVA SOBRE A LEI DE EMPREGO EN PLATAFORMAS

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores lamenta que o Parlamento Europeo e o Consello da UE, en representación dos países, non lograsen aprobar o acordo sobre a directiva de emprego en plataformas durante a votación do pasado 22 de decembro

Redacción.- Isto impide á Presidencia española aprobar finalmente a directiva, encomendando a misión á Presidencia belga que comezará o 1 de xaneiro. Con anterioridade, o 13 de decembro, logrouse un acordo político provisional entre os dous colexisladores da Unión Europea (Eurocámara e Consello da UE, presidido ese semestre por España) con respecto á proposta de directiva que busca mellorar as condicións laborais dos traballadores de plataformas dixitais. Antes de que a lei puidese entrar en vigor, o pacto debía ser aprobado polo Consello e o Parlamento.

Durante a reunión dos embaixadores dos Estados membros ante a UE do pasado venres, a presidencia española atopou que o expediente carecía da maioría necesaria para avanzar. Ante o escenario de bloqueo e rexeitamento dalgúns países, liderados principalmente por Francia.

Neste escenario de non contar con

maioría suficiente, e finalizar a tramitación da directiva cun voto negativo, optouse por non votar formalmente o acordo dos embaixadores e, no seu lugar, transferir o dossier á presidencia belga, que comeza o 1 de xaneiro.

UGT lembra que o proxecto de directiva establece as primeiras normas da UE sobre o uso de sistemas algorítmicos no lugar de traballo e busca axudar a determinar a situación laboral correcta das persoas que traballan para plataformas dixitais, de forma que desaparezan os falsos autónomos. De acordo co acordado pola Eurocámara e o Consello, se a relación dos empregados cunha plataforma dixital cumpre con, polo menos, dúas dos cinco indicadores establecidos na directiva, considerarase xuridicamente que son empregados dunha plataforma dixital e non traballadores por conta propia. Eses indicadores inclúen o establecemento de límites máximos da cantidade de diñeiro que poden recibir os traballado-

res, a supervisión da execución do seu traballo, tamén por medios electrónicos, así como o control da distribución ou a asignación de tarefas. O control das condicións de traballo, as restricións á elección do horario de traballo, a liberdade para organizar o traballo e as normas de aparencia ou comportamento tamén están incluídos nos criterios.

UGT non entende que este acordo, que consideremos un avance que ofrece dereitos fundamentais aos traballadores e traballadoras de plataformas, está a atrasarse sen xustificación debido ás obxeccións dunha minoría. Unha normativa como a que se pretende aprobar non pode ser bloqueada polos países liberais e conservadores, en clara alianza co lobby de plataformas, que tanto “esfuerzo” está a realizar no bloqueo desta iniciativa, que outorga dereitos a 30 millóns de traballadores e traballadoras e 5,5 millóns de falsos autónomos.